

9 Bosques.

92A0 Bosques de ribeira de *Salix alba* e *Populus alba*.

Correspondencias

Paleartic	44.141 y 44.6.
Ramsar	M
IHG	2.1.1.

Denominación oficial

Inglés	<i>Salix alba</i> and <i>Populus alba</i> galleries.
Castelán	Bosques galería de <i>Salix alba</i> y <i>Populus alba</i>

Denominación vulgar

Galego	Salgueirais, salcedas, salcedos, salcidos.
Castelán	Saucedas, sotos

Descrición científica

Descrición do Manual de Interpretación dos Hábitats da UE

Bosques de ribeira da cunca mediterránea dominados por *Salix alba*, *Salix fragilis* e especies afíns (44.141). Bosques de ribeira mediterráneos e centro-eurasiáticos pluriestratificados con *Populus* spp., *Ulmus* spp., *Salix* spp., *Alnus* spp., *Acer* spp., *Tamarix* spp., *Juglans regia* e lianas. Os chopos (*Populus alba*, *Populus caspica*, *Populus euphratica* (= *Populus diversifolia*)) son xeralmente as especies dominantes; non obstante poden estar ausentes en determinadas asociacións que tenden a estar dominada por especies dos xéneros citados anteriormente (44.6).

Características diagnósticas do hábitat

Características estacionais.

Bosques de ribeira asentados sobre as marxes dos leitos menores de ríos con forte oscilación do caudal.

Fisionomía e estrutura.

Formacións arboradas de talla baixa-media (3-10 m) dominadas fisionómicamente polos salgueiros (*Salix atrocinerea*, *Salix neotricha*, *Salix salviifolia*, *Salix x secalliana*) entre os que adoitan aparecer outras especies arbóreas frecuentes noutros tipos de bosques riparios (*Alnus glutinosa*, *Fraxinus angustifolia*, *Populus nigra*). No sotobosque son frecuentes grandes herbas higrófilas como *Apium nodiflorum*, *Bidens frondosa*, *Calystegia sepium*, *Carex elata* subsp. *reuteriana*, *Chenopodium ambrosioides*, *Equisetum arvense*, *Eupatorium cannabinum*, *Lycopus europaeus*, *Lysimachia vulgaris*, *Lythrum salicaria*, *Mentha suaveolens*, *Oenanthe crocata*, *Phalaris arundinacea* ou *Polygonum hydropiper*.

Variabilidade.

Polo momento non se describiu unha gran variabilidade para este tipo de hábitat en Galicia.

Especies indicadoras segundo Manual de Interpretación dos Hábitats da UE

Plantas:

Salix alba, *Populus alba*.

Especies indicadoras para Galicia

Plantas:

Alnus glutinosa, *Apium nodiflorum*, *Bidens frondosa*, *Calystegia sepium*, *Carex elata* subsp. *reuteriana*, *Chenopodium ambrosioides*, *Equisetum arvense*, *Eupatorium cannabinum*, *Fraxinus angustifolia*, *Lycopus europaeus*, *Lysimachia vulgaris*, *Lythrum salicaria*, *Mentha suaveolens*, *Oenanthe crocata*, *Phalaris arundinacea*, *Polygonum hydropiper*, *Populus nigra*, *Rorippa palustris*, *Rumex obtusifolius*, *Rumex pulcher*, *Salix atrocinerea*, *Salix neotricha*, *Salix salviifolia*, *Salix x secalliana*, *Solanum dulcamara*.

Especies da Directiva 92/43/CEE que poden atoparse no hábitat

Non se coñecen.

9 Bosques.

92A0 Bosques de ribeira de *Salix alba* e *Populus alba*.

Correspondencia fitosociolóxica

CLASE SALICI PURPUREAE-POPULETEA NIGRAE

Orde Salicetalia purpureae

Alianza Salicion salviifoliae

As. Salicetum angustifolio-salviifoliae

As. Salicetum salviifoliae

Orde Populetalia albae

Alianza Populion albae

As. Salici neotrichae-Populetum nigrae

Hábitats asociados ou en contacto

Este tipo de hábitat establece contacto con hábitats de augas doces (3260), bosques riparios e lamacentos (91E0*), formacións herbáceas higrófilas megafórbicas (6430) e primocolonizadoras de leitos fluviais pedregosos. Ocasionalmente pode estar en contacto con vexetación de ribeiras lamacentas (3270).



Vista xeral dunha representación do hábitat 92A0.

9 Bosques.

92A0 Bosques de ribeira de *Salix alba* e *Populus alba*.

Distribución xeográfica

Distribución na Unión Europea



Distribución na Unión Europea

Hábitat presente en Portugal e os países da área mediterránea.


Distribución en Galicia

Soamente se ten constancia da presenza deste tipo de hábitat no S das provincias de Lugo e Pontevedra e en diversos puntos da de Ourense.

Distribución na Rede Natura 2000 de Galicia

Hábitat presente nos espazos "Canón do Sil", "Macizo Central" e "Baixo Miño".

Distribución dentro da Rede Natura 2000 de Galicia (Lugares de Importancia Comunitaria)




9 Bosques.


92A0 Bosques de ribeira de *Salix alba* e *Populus alba*.

Área de presenza

Área de presenza no Norte Peninsular por cuadrículas UTM de 100 Km². Distribución a partir da EEA.



Área de presenza en Galicia por cuadrículas UTM de 100 Km². Datos actualizados 2008.



9 Bosques.

92A0 Bosques de ribeira de *Salix alba* e *Populus alba*.

Presenza nos Lugares de Importancia Comunitaria (LIC)

Cod.	Denominación	Prov.	Cod.	Denominación	Prov.
ES1110001	Ortigueira-Mera	C	ES1120015	Serra do Xistral	Lu
ES1110002	Costa Ártabra	C	ES1120016	Río Cabe	Lu
ES1110003	Fragas do Eume	C	ES1120017	Costa da Mariña Occidental	Lu
ES1110004	Encoro Abegondo Cecebre	C	ES1130001	Baixa Limia	Ou
ES1110005	Costa da Morte	C	ES1130002	Macizo Central	Ou ●
ES1110006	Complexo Corrubedo	C	ES1130003	Bidueiral de Montederramo	Ou
ES1110007	Betanzos-Mandeo	C	ES1130004	Pena Veidosa	Ou
ES1110008	Carnota-Monte Pindo	C	ES1130005	Río Támega	Ou
ES1110009	Costa de Dexo	C	ES1130006	Veiga de Ponteliñares	Ou
ES1110010	Estaca de Bares	C	ES1130007	Pena Trevinca	Ou
ES1110011	Esteiro do Tambre	C	ES1130008	Pena Maseira	Ou
ES1110012	Monte e Lagoa de Louro	C	ES1130009	Serra da Enciña da Lastra	Ou
ES1110013	Xubia-Castro	C	ES0000001	Illas Cies	Po
ES1110014	Serra do Careón	C	ES1140001	Sistema fluvial Ulla-Deza	Po
ES1110015	Río Anllóns	C	ES1140002	Río Lérez	Po
ES1110016	Río Tambre	C	ES1140003	A Ramallosa	Po
ES1120001	Os Ancares-O Courel	Lu	ES1140004	Complexo Ons-O Grove	Po
ES1120002	Río Eo	Lu	ES1140005	Monte Aloia	Po
ES1120003	Parga-Ladra-Támoga	Lu	ES1140006	Río Tea	Po
ES1120004	A Marronda	Lu	ES1140007	Baixo Miño	Po ●
ES1120005	As Catedrais	Lu	ES1140008	Brañas de Xestoso	Po
ES1120006	Carballido	Lu	ES1140009	Cabo Udra	Po
ES1120007	Cruzul-Agüeira	Lu	ES1140010	Costa da Vela	Po
ES1120008	Monte Faro	Lu	ES1140011	Gándaras de Budiño	Po
ES1120009	Monte Maior	Lu	ES1140012	Illas Estelas	Po
ES1120010	Negueira	Lu	ES1140013	Serra do Candán	Po
ES1120011	Ría de Foz-Masma	Lu	ES1140014	Serra do Cando	Po
ES1120012	Río Landro	Lu	ES1140015	Sobreirais do Arnego	Po
ES1120013	Río Ouro	Lu	ES1140016	Enseada de San Simón	Po
ES1120014	Canón do Sil	Lu ●			

Presenza en Zonas de Especial Protección para as Aves (ZEPA)

Cod.	Denominación	Prov.	Cod.	Denominación	Prov.
ES0000086	Ría de Ortigueira e Ladrado	C	ES1130009	Serra de Enciña da Lastra	Ou
ES0000176	Costa da Morte (Norte)	C	ES0000376	Baixa Limia-Serra do Xurés	Ou
ES0000258	Costa de Ferrolterra-Valdoviño	C	ES0000437	Pena Trevinca	Ou
ES0000313	Complexo Litoral Corrubedo	C	ES0000001	Illas Cies	Po
ES0000085	Ribadeo	Lu	ES0000087	Complexo Umia-O Grove	Po
ES0000373	Ría de Foz	Lu	ES0000254	Illa de Ons	Po
ES0000372	Costa da Mariña Occidental	Lu	ES0000375	Esteiro do Miño	Po
ES0000374	Ancares	Lu			

9 Bosques.

92A0 Bosques de ribeira de *Salix alba* e *Populus alba*.

Aspecto das representacións do hábitat en Galicia



Salgueiral de ribeira na marxe esquerda do Río Sil (hábitat 92A0) (Ribas de Sil).



Salgueiral de ribeira (hábitat 92A0) nas proximidades de As Ermidas (O Bolo).

9 Bosques.

92A0 Bosques de ribeira de *Salix alba* e *Populus alba*.

Aproveitamentos

Aproveitamentos tradicionais do hábitat

As distintas especies de salgueiros presentes utilizáronse tradicionalmente para actividades artesanais (cestaría, construción de artes de pesca) á vez que serviron de fonte de estaquiñas para a construción de sebes vexetais entre predios.

Estado de conservación

Indicadores do estado de conservación do hábitat

O grao de estratificación e a cobertura da vexetación, xunto á composición florística, son indicadores do estado de conservación do hábitat.

Factores que dificultan ou impiden o estado de conservación favorable

O mantemento ou construción de barreiras que desvíen as augas durante as épocas de avenida, son factores que contribúen a deteriorar o seu estado de conservación. A construción de presas e encoros altera gravemente o medio ecolóxico característico deste tipo de hábitat.

Factores que contribúen ao estado de conservación favorable do hábitat

A eliminación de barreiras ou canles de drenaxe que modifican a dinámica hidrolóxica natural contribúe á restauración das condicións naturais que manteñen deste tipo de bosques.

Bibliografía

Morla (1983), Díaz González & Penas Merino (1987), Giménez de Azcárate (1993b), Gómez Manzaneque (1997), Amigo (2005) e datos propios.